

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

MÉRCORES 15 DE XULLO 2009, 11:00 h

Por que e para que hai que defender as linguas ameazadas
Miquel Strubell, Universitat Oberta de Catalunya

Dignísimos señores autoridades, amigas e amigos,

É un verdadeiro honor ser invitado a impartir a Conferencia inaugural neste *Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística*. Dáme non só a oportunidade de pasar un par de días entre profesionais que se dedican máis ou menos a facer o que eu fixen durante case vinte anos, os vinte anos máis trepidantes da miña vida laboral, senón tamén de visitar, por primeira vez, a cidade de Carballo.

Hei de confesar que mentres preparaba a miña intervención, que será nun galego extremadamente “oriental” (o cal espero que me desculpen!), me asustaba o efecto que podería causar na miña audiencia, atrapada pola solemnidade desta parte do curso, o feito de dispoñer de nada menos que de 90 minutos de compromiso individual, parafraseando o subtítulo do curso, por parte de vostedes. Ante este panorama as oportunidades para que se aburran son infinitas, e xa que logo espero deixar ao final un certo tempo para un debate inicial, que espero que poida ser un presaxio da calidade que o curso promete. Sobre todo paréceme moi, moi interesante formular o curso para ir “na busca dun argumentario para ou galego”. Isto requirirá unha activa participación de todas as persoas inscritas na confección dos documentos finais do curso e a min, particularmente, interesárame moito ter acceso, se for posible, a estes resultados.

Á vez, e se quixeren unha suxestión miña, invítoos a ter sempre presente que o argumentario non será para un público único. Non só terá que ter importantes matices de diferenza se vai dirixido cara aos mozos ou os maiores, cara aos que viven no mundo rural ou no mundo urbano. Ademais, convirá pensar en cada caso como argumentar ante os medios de comunicación, ante a Administración de xustiza, ante os políticos, ante as empresas. Por tanto, convirá deseñar o argumentario (non sei se chegar a falar “dos” argumentarios) para distintos grupos diana.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)



0. Un preámbulo (demasiado longo)

Gustaríame poder comezar dicindo “sen máis preámbulos”, e entrar de cheo na materia. Mais non podería comezar “con menos preámbulos”, porque é esencial que todos compartamos algúns presupostos. Presupostos conceptuais, está claro: os orzamentos económicos chegarán co novo modelo de financiamento das comunidades autónomas!

“Por que” e “para que” hai que defender as linguas ameazadas. Son dous temas relacionados, mais diferenciábeis, creo, e que nos poden ofrecer elementos de reflexión sobre o noso traballo. Pódennos explicar parte das frustracións, dos bloqueos; e tamén nos poden ilustrar e ata iluminar e motivar directamente sobre o noso traballo cotián e o noso futuro.

Antes de comezar, con todo (e admitindo que son corresponsable do título da miña intervención!) permítanme dicir que o termo “linguas ameazadas” é infinitamente preferible ao máis habitual (quizais noutras latitudes, e en Galicia non) “linguas minoritarias”. Ás linguas non se lles poden atribuír as culpas de teren máis ou menos falantes, e estes de teren máis ou menos poder. O feito de ser “minoritario” significa (i) que a lingua en cuestión se define en contraste con outra (a “lingua maioritaria”), co cal nos encontramos atrapados nun escenario conceptual onde temos as de perder; e (ii) que a “lingua maioritaria” ten algo que a nosa non ten, o que acabo de sinalar: máis falantes, e máis (protección por parte do) poder. Hai organismos internacionais que evitaron este termo, pola razón que acabo de dar; o máis importante, seguramente, EBLUL toma o seu nome das “lesser used languages”, as “linguas menos usadas”, obviando a causa deste uso menor. É unha mágoa (porque perpetuou o uso do termo) que a Carta Europea se referise ás “Linguas Rexionais ou Minoritarias”, o primeiro tras a insistencia dos representantes franceses na negociación do texto (que, ironicamente, non foi ratificado, como seguramente saben, pola República Francesa).

Por tanto, quedará claro que prefiro falar de “linguas ameazadas” (en catalán tamén nos referimos a elas co termo “llengües minoritzades” que tamén insinúa a intervención causal dun axente externo).

O que nin un nin outro fan é identificar correctamente o suxeito final do noso interese. Entre todos podemos facer unha listaxe de casos en que unha lingua se atopa nun lado dunha fronteira política, nun réxime sociopolítico que consideraríamos como “normal”, mentres que no outro se atopa marxinalizada, ata menosprezada. Por tanto, máis ben deberíamos falar de pobos ameazados ou minorizados na súa forma de intercomunicación (e ata de identificación). Son as persoas as que teñen o problema, non a súa lingua directamente.

E se a lingua non é a causa, non é a culpable, da situación en que se atope nun determinado lugar e nunha determinada época, tampouco será actuando directamente sobre a lingua que modificaremos a situación. Non entender isto pode levar a moitos fracasos nos intentos de cambiar a situación social dunha lingua. O baixo uso dunha lingua nunha función concreta é como un termómetro da súa saúde: se alguén tiver febre, quizais será mellor baixala con medicamentos que maten os microbios, que aplicar tratamentos con xeo!

E unha última cuestión previa: falar de linguas ameazadas ou minorizadas lévanos facilmente a un erro frecuente: de reificalas, de lles dar propiedades como se fosen persoas ou pobos. Así, nun momento con Google atopei varios exemplos:

- “si la lengua quiere expresar eso que está en el espíritu, puede también hacerlo con las oraciones de relativo”
- “la lengua quiere ser diversa, la sociedad quiere ser diversa y la cultura quiere ser diversa”
- “A veces la lengua quiere jugar...”
- “la lengua prefiere la economía a la "tradición" cuando se trata de dar nombre a un concepto”

Todas estas referencias son incorrectas. Falemos da (suposta ou real) vontade dos falantes, dos seus temores e anhelos, mais non nos centremos na lingua dándolle unha vida e unha vontade propia que sinxelamente non ten.

O que digo non é un matiz de interese puramente académico: non podemos actuar para aumentar a presenza e o uso dunha lingua ameazada se non acertamos na diana das nosas accións: as persoas.

Por outra banda, é importante sermos moi conscientes, ata deberíamos dedicar tempo e esforzos a estudar, da ideoloxía que levou ás difíciles situacións de moitas das linguas do mundo actual e ao seu futuro ameazado.

Ás veces imaxinámonos que estas ideoloxías pertencen ao pasado, mais o certo é que os seus efectos perduran, a miúdo no subconsciente: no subconsciente de vítima e de verdugo, se se me permitir momentaneamente a metáfora. Unha frase como esta:

Le français est par excellence la langue de la liberté, de la culture et de la création

...non a atopei pescudando nas entrañas dun centro de documentación histórica. Moi ao contrario, consta na primeira frase do *Avant-propos* de M. Renaud DONNEDIEU de VABRES, Ministre de la culture et de la communication francés, no *Rapport au Parlement sur l'emploi de la langue française*, correspondente a 2004, elaborado pola Délégation générale à la langue française et aux langues de France.¹ “2004”, repito.

Velaquí outro exemplo dunha linguaxe e dun espírito totalmente (ao meu modo de ver) anticuados, unha vez desposuída das palabras de suposta admiración e respecto, é máis apto para os que botan de menos épocas ditatoriais que para unha democracia.

Todas las lenguas oficiales en el Estado son igualmente españolas y merecedoras de protección institucional como patrimonio compartido, pero sólo una de ellas es común a todos, oficial en todo el territorio nacional y por tanto sólo una de ellas -el castellano- goza del deber constitucional de ser conocida y de la presunción consecuente de que todos la conocen. Es decir, hay una asimetría entre las lenguas españolas oficiales, lo cual no implica injusticia (?) de ningún tipo porque en España hay diversas realidades

¹ <http://www.culture.gouv.fr/culture/dglf/rapport/2004/index.htm>

culturales pero sólo una de ellas es universalmente oficial en nuestro Estado democrático.²

Este texto é de 2008. Do “Manifiesto en defensa de la lengua común”.

Este espírito invade as actuacións, os razoamentos, da estrutura central do Estado. Miren, senón, un exemplo recente, unha carta que recibín datada o 26 de xuño de 2009, do director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da temida e temible Axencia Tributaria española. Queixárame da imposibilidade de obter o borrador da miña declaración da renda en versión catalá (na mesma lingua que a da declaración do ano anterior). A súa explicación é esta:

No ano 2008 vostede presentou a declaración da Renda correspondente a 2007 en catalán e a súa cónxuxe en castelán, dándose de alta á súa vez na solicitude de borrador máis favorable para a unidade familiar. Ao non seren os idiomas iguais, automaticamente realizouse a tramitación en castelán, de acordo co que está disposto na normativa aplicable (artigo 36 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, BOE do 27). Se a súa cónxuxe optase polo mesmo idioma, enviaríanselle os resultados en catalán.

En definitiva, a culpa tena a miña esposa (que non tivo que facer ningunha emenda ao seu borrador, que recibiu en castelán aínda que preferise recibilo en catalán); e téñoa eu, por non impoñerlle á miña esposa -na súa declaración que se fai de forma separada da miña- o uso do catalán.

Enfrontámonos, pois, constantemente, cunhas situacións de feito, impostas por costume, usos lingüísticos “por defecto”. Aínda que nos miran a nós, ás veces, cando reclamamos outro sistema de funcionamento lingüístico, como se o defecto o tivésemos nós!

O curioso do caso é que hai xente de fala hispana ou francesa que -supoño que de boa fe- considera que a súa lingua está ameazada e que hai que protexela. E de feito moitos de nós diríamos que o seu discurso é case literalmente asumible... cambiando unicamente o nome da lingua en cuestión! Fagan vostedes a proba, utilizando este texto dun web governamental francés:

De todos os vínculos que atan os homes na cidade, o vínculo da lingua é o máis forte, porque crea un sentimento de pertenza a unha comunidade. Debido a que a mundialización do comercio e o progreso da integración europea non deixan de evolucionar, os gobernos están chamados a reafirmar unha política de lingua que, á vez que garante a primacía do francés no país, participa no esforzo de cohesión social e contribúe á promoción da diversidade cultural en Europa e no mundo.³

Se o discurso é tan parecido, podémonos preguntar como é que o francés vaia tan ben e o galego, ou o catalán, vaian notoriamente peor! A resposta é sinxela: o éxito non depende do argumento, da ideoloxía en si, senón do poder con que se conta para que chegue a mensaxe ata os últimos recunchos da terra elixida

² <http://estaticos.elmundo.es/documentos/2008/06/22/manifiesto.pdf>
<http://www.acl.ac.cr/dc.php>
<http://manifiesto.espanol.blogspot.com>
<http://www.elmanifiesto.com/articulos.asp?idarticulo=2542>
<http://lacantera.es/savater-dixit/page/2/>
<http://www.pueblos-espana.org/andalucia/malaga/velez+malaga/foro/>
<http://www.crisyc.com/?p=443>

... e ata un total de 420 reproducións!

³ <http://www.culture.gouv.fr/culture/dglf/garde.htm>

para ser lingüísticamente colonizada. E os resortes do castelán son infinitamente máis potentes e poderosos que os do catalán ou os do galego. Ten todo o aparato do Estado detrás. Ademais, ten a demografía ao seu favor. Gritan máis, e teñen máis megáfonos, sinxelamente. Non é que os seus argumentos sexan "mellores" ou máis persuasivos. Teñámolo en conta.

1. "Por que" [e "para que"] hai que defender as linguas ameazadas

No título agáchase unha pequena trampa que seguramente moitos de vostedes notarían. É fácil argumentar que hai que defender calquera cousa ameazada. Sobre unha especie ameazada non se pescuda se é nociva ou benigna: con que sexa ameazada hai suficiente. Abondaría, pois, para recorrer a esta argumentación, demostrar que a lingua en cuestión está realmente ameazada. Con todo, hai unha salvidade aquí. A ameaza vén de nós mesmos, os falantes: porque non reaccionamos ante a marxinación do seu uso (por exemplo, comercial ou institucional) cando nunha democracia, e máis nun mercado libre, temos posibilidades de facelo. Algúns dos falantes non pasan a lingua aos fillos, por exemplo. E na medida en que o futuro da lingua se pon en cuestión, o intento de animar, de mobilizar a comunidade lingüística a favor da lingua, pode xustamente ter un efecto non desexado: o de desanimar os indecisos. Para que apostar por unha lingua que está en decadencia, cuxos promotores non teñen fe no seu futuro? Coidado, xa que logo, con esta argumentación, que só adoita ter o efecto desexado entre os convencidos!

Utilizando unha metáfora, se berramos que necesitamos axuda, mar adentro, para tapar o buraco no noso barco para que non se afunda, existe o serio risco de que a xente máis ben corra cara aos botes salvavidas.

Volvendo ao título deste apartado, o porqué fainos mirar cara a atrás, cara ás causas da situación ou a necesidade. A resposta (ou polo menos a primeira resposta) pódenos parecer banal e superficial: hai que defender as cousas que son vítimas dunha agresión. Mais enseguida nos preguntamos: a agresión é aberta? Mesmo, é consciente? Os cataláns adoitamos velo todo como froito dun plan expresamente deseñado e levado a cabo para liquidar a nosa lingua. Quizais por esta razón, a miúdo acúsannos aos cataláns de sermos algo paranoicos: vemos o que en inglés se dicía "*Reds under the bed*", é dicir, inimigos escondidos baixo a cama.

Home, algún dereito temos a pensar mal, cando os precedentes son claros. Así, tras a caída de Cataluña na guerra de sucesión do século XVIII, Felipe V ditou unha "*Instrucción secreta de algunas cosas que deben tener presente los Corregidores del principado de Cataluña por el ejercicio de sus empleos*". A sexta destas instrucións cítase a miúdo en Cataluña:

Pondrá el mayor cuydado en introducir la lengua castellana, a cuyo fin dará las providencias más templadas y disimuladas para que se consiga el efecto, sin que se note el cuydado.

Unha segunda resposta á pregunta de por que hai que defender as linguas ameazadas é que sempre convén que a razón e a verdade prevalezan. Non debemos permitir que a sociedade se basee en mentiras, en falsidades, en mitos que van en contra de ninguén. E isto pasou, a fondo, en España, en Francia, e noutros países cunha forte diversidade lingüística de orixe mais onde

predominou unha ideoloxía homoxeneizadora e rexeitadora da diversidade.

Ilustrareino cun exemplo, que mostra -neste caso de forma inocente- como a ignorancia, cando se infiltra ata as mesmas premisas, leva a situacións de incompreensión... no mellor dos casos.

O luns pola tarde, no supermercado de *El Corte Inglés* da Diagonal unha moza, moi amable, vende números da Cruz Vermella. É de raza negra, seguramente cubana. Sorrí a todo o mundo e de cando en vez encrecha os rizos.

Unha muller autóctona pasa por diante dela cun carro metálico, destes que se usan para levar a compra. Leva a súa filla, dun ano e medio, sentada neste asento que hai, pregable, preparado para a cuestión. A nena mira a moza e dille "Ola!". A moza (parece que lle gustan os pequenos) contéstalle cun "ola", tamén. Entón, a nena, que aínda está aprendendo a falar, apunta co dedo o pelo longo e rizado da moza. "Consuelo", balbuce. A nai explícalle á moza o que quixo dicir (xa ve que a moza non entende o catalán). "Dice que te parece a una amiga nuestra que se llama Consuelo".

A moza fai un xesto leve de sorpresa. "És catalán lo que habla?", pregunta. E a nai contéstalle que si. "Se lo enseñáis vosotros?", pregunta entón.

"Nosotros somos catalanes", explica a nai. "Ya, ya, pero no se nace sabiendo catalán -contesta a chica-, ¿se lo tendréis que enseñar...!". A nai ve que a pregunta é con toda a boa fe do mundo. "Como tú. Tú aprendiste español en tu casa, porque tus padres hablaban español, ¿a que sí?". A moza non o entende. "Claro", contesta. "Pero el catalán se lo tenéis que enseñar, no se aprende así...". A nai da nena imaxina que a moza debeu de chegar aquí non hai moito e debe de ver os programas da tele. Viu Belén Esteban⁴ dicindo que os cataláns somos seis millóns de burros.⁵

Fixémonos en que o erro da muller cubana se orixina na suposición de que o castelán é a nosa "lingua común", como se todos os cataláns (e todos os galegos) nacésemos falando -naturalmente- en castelán e só soubésemos o catalán (e o galego) grazas a un esforzo suplementario -para algúns, suntuario- ou, quizais, cunha intención expresa de atacar o castelán. Se os nosos opoñentes (que os hai) parten de tales premisas, o conflito está garantido.

Hai un terceiro punto que quero tocar neste apartado sobre por que hai que defender as linguas ameazadas, relacionado co anterior. Fai falta lembrar ante o gran público que a todas as linguas se lles aplica unha política, sexa explícita ou implícita, sexa consciente ou non. Cando se formulan as grandes "denuncias" contra as políticas lingüísticas que favorecen as linguas ameazadas, (por exemplo os sucesivos Manifestos contra a política en Cataluña, desde 1981 ata 2008 (e os que virán), ou a través de libros, ben difundidos por certa prensa, (como o libro de 1993, escrito por Manuel Jardón, *"La 'normalización lingüística', una anormalidad democrática. El caso gallego*, esquécese convenientemente que o español goza dunha política lingüística de apoio con moitísimo máis poder e recursos. Outro exemplo sería *Del Idioma Español y su*

⁴ <http://comunicacion.e-noticias.es/los-catalanes-sois-seis-millones-de-burros-30467.html>

⁵ *Avui*, "La noia de la Creu Roja", por Empar Moliner. 30 de juny de 2009.

http://www.avui.cat/cat/notices/2009/06/la_noia_de_la_creu_roja_64288.php

Futuro, Antonio Lamela, onde ataca o concepto de lingua propia e afirma que o castelán está seriamente ameazado en España. Neste contexto é altamente recomendado para a saúde mental o libro excelente de Juan Carlos Moreno Cabrera, *El nacionalismo lingüístico*, onde expón seis mitos relacionados co castelán, e conclúe de forma contundente que o único nacionalismo lingüístico que existe en España é o español. Recomendo de xeito especial a súa conferencia en Youtube "*La Lingüística y el nacionalismo lingüístico español*".⁶

Hai un último motivo para defender as linguas ameazadas. Quen somos nós para deixar perder un patrimonio cultural elaborado ao longo dos séculos?. Que dirían os nosos fillos? Pensen que no País de Gales hai un proceso a grande escala de recuperación do galés, en que miles de matrimonios que non recibiron dos seus pais o galés, envían os seus fillos a escolas bilingües. Que crítica aos antepasados inmediatos!

Miremos agora a segunda pregunta que quería propor na miña intervención.

2. ["Por que" e] "para que" hai que defender as linguas ameazadas

Ao entrar neste bloque miramos non cara ao pasado senón cara ao futuro. "Para que" fainos pensar nas finalidades, nos obxectivos dunha acción. De que xeito cambiará o mundo a realización dunha determinada acción?

Unha primeira resposta á pregunta de para que hai que defender as linguas ameazadas é que así reforzamos a autoestima da comunidade lingüística. Así os seus membros sentiranse máis seguros, e estarán en mellor disposición psicolóxica para poderen contribuír á cultura e á civilización universais. No balance negativo, fixémonos no feito de que os maiores destrutores dos últimos 200 anos tiñan identidades cuestionadas: Hitler non era alemán senón austríaco, Napoleón non era francés senón corso, e Stalin non era ruso, senón xeorxiano. Pode ser casualidade?

A autoestima hai que a coidar xustamente máis entre os menos poderosos. A miúdo citei unha frase atribuída, entre outros, a Henri Lacordaire (1802-1861): "Entre os fortes e os débiles, entre ricos e pobres, entre mestres e servos, é a liberdade que oprime e a lei que libera". E esta frase lémbra-nos sempre a importancia da lei, para defender dereitos. Cando tes unha lei ao teu favor, unha lei que se pode aducir para sancionar quen a incumpre (está claro!), entón a autoestima colectiva non pode facer outra cousa que aumentar.

Fixémonos noutra lección desta frase de Lacordaire: desde o poder sempre, sempre, sempre, se predicará a liberdade... para poder seguir dominando. Non lle gusta, por definición, nin os obstáculos ao libre comercio nin os estatutos de autonomía. Desde o poder atacarán sempre as medidas que poden garantir un futuro para as nosas linguas, acusándonos do que lles pase pola cabeza: de fascistas, de facer o mesmo que Franco mais ao revés... Sempre nos virán con manifestos, con noticias manipuladas, con ridiculizacións -cando non con intentos, paradoxalmente, de legislar con medidas "harmonizadoras" para impedir que a sociedade catalá, galega (ou vasca) poida exercer

⁶ http://www.youtube.com/watch_popup?v=d4B6Hu3z-4A. 39 min 31 seg

democraticamente o seu propio dereito de legislar.

O feito de que nós teñamos establecido por lei un modelo lingüístico para a escola, por exemplo, resúltalles irritante entre outras razóns porque demostra que eles non teñen todo o poder. Neste contexto, de nada serve que argumentemos que a educación non serve para que a xente exerza uns supostos dereitos, senón para que os futuros cidadáns aprendan, para que ao final do proceso educativo teñan os coñecementos (incluíndo as competencias lingüísticas) necesarios para poder exercer -entón si- o dereito de elixir a súa vida posterior con liberdade e en igualdade de condicións.

En definitiva, que un pobo controle aspectos destacados do seu propio contorno non pode senón ter efectos positivos.

Un segundo obxectivo que xustifica o “para que” segue de forma case natural o que acabo de dicir, e é de carácter económico. Explicareime. A existencia do galés proporciona miles de postos de traballo para os mesmos galeses (nos medios de comunicación, nas artes creativas, e as editoriais, nas escolas, nos servizos sociais, na Administración pública), grazas ao feito de ter unha lingua propia falada por unhas 600 mil persoas. Ata a competencia en gaélico escocés, que ten menos de 70.000 falantes, abre portas a centos de postos de traballo.

É máis. Hai estudos que demostran que o multilingüismo persoal, o políglotismo, proporciona vantaxes non xa na procura de emprego, senón ata no salario medio e nas posibilidades de ascenso.

Conectado con isto hai outros estudos, con indicios cada vez máis claros, que indican que o multilingüismo persoal e ambiental teñen efectos positivos sobre a creatividade e a innovación, dous valores cruciais para que unha sociedade poida ser competitiva na economía do coñecemento.

Hai un estudo recente que achega outra vantaxe, xa de carácter máis persoal. O adestramento mental que supón o feito de utilizar dous ou máis idiomas explicaría o curioso achado científico no Canadá: que os primeiros indicios de senilidade entre a xente maior aparecen, por regra xeral, uns anos máis tarde entre bilingües que entre monolingües. Observemos, con todo, que se se puidese replicar este estudo nos Países Cataláns ou en Galicia, non sería un indicio a favor da nosa lingua sen máis, porque as vantaxes non serían nin para os monolingües galegos (ou cataláns) nin para os monolingües castelanfalantes. Pero sería, en definitiva, outro argumento máis para reforzar a opinión do profesor belga Peter Nelde e o seu grupo: que o monolingüismo é unha enfermidade... curable!

O que pode ser clasificado baixo o título de “económico” ou igualmente “cultural” é outro fenómeno que nos pode ser útil para argumentar: o catalán e o galego sérvennos de pontes para accedermos a culturas vehiculadas en linguas, ou variedades, irmás. Son puntos de partida moi útiles, non para seren abandonados, está claro, senón para seren reforzados. É unha moi forte motivación para o mantemento da lingua en zonas fronteirizas historicamente xermanófonas como Alsacia (en Francia) ou Tirol do Sur (en Italia). Ata en Grecia e outros países do sur dos Balcáns hai unha minoría (os valacos) que fala unha lingua románica, o *arumano*. Con políticas máis iluminadas en Francia, Italia ou Grecia, estes países poderían desenvolver e aproveitarse deste potencial, nos campos diplomático ou comercial, por exemplo. Só Italia, e ata

certo punto, viu estas minorías como unha oportunidade, no canto dunha ameaza á súa aspiración de poboación lingüística e culturalmente uniformizada.

Un terceiro obxectivo achégase a postulados de carácter ecolóxico. A visión ecolóxica das linguas afirma que hai un paralelismo entre a riqueza e a diversidade xenéticas, e a diversidade de linguas. Cando unha especie, ou unha lingua, se perden, segundo este enfoque, pérdese algo que nos pertence a todos: e a perda, irreversible, é unha traxedia. George Steiner, en *My Unwritten Books* (publicado en castelán como *Los libros que no he escrito*) fala de...

... la pérdida verdaderamente irreparable, la disminución de las oportunidades del hombre, cuando muere una lengua. Con su muerte, no es sólo un linaje vital de remembranza -los tiempos verbales pasados o su equivalente-, no es sólo un paisaje lo que se borra: es la configuración de un futuro posible. Una ventana se cierra sobre cero.⁷ (p. 82)

La extinción de lenguas que estamos presenciando en la actualidad -docenas de ellas pasan cada año a un silencio irremediable- es exactamente paralela a los estragos que se hacen en la fauna y la flora, pero de una forma más definitiva.⁸ (p. 82)

Curiosamente, este modelo, esta metáfora, este obxectivo de manter viva e activa a diversidade lingüística enlaza co obxectivo económico que acabamos de ver: fala da diversidade como fonte de "potencialidades", articuladora de alternativas. Vémolos nestes fragmentos:

He conjeturado, sin que pueda ofrecer pruebas, que la justificación generativa de la "locura" del número y fragmentación de las lenguas -más de cuatrocientas sólo en la India- es análoga al modelo darwiniano de los nichos adaptativos. Toda lengua explota y transmite diferentes aspectos, diferentes potencialidades de la circunstancia humana⁹. (p. 81-82)

Es la aparentemente derrochadora plétora de las lenguas lo que nos permite articular alternativas a la realidad, hablar con libertad dentro de la servidumbre, programar la abundancia dentro de la indigencia. (p. 82)¹⁰

De todos os xeitos, confeso que estes razoamentos teñen un punto de místico, de intanxible, case de poético, que vai máis aló da teoría Sapir-Whorff, que relaciona intimamente a linguaxe co pensamento.¹¹

En conxunto, todas as formulacións que fagamos para lexitimar a nosa visión de "para que hai que defender as linguas ameazadas" ten un fondo común e

⁷ Hence the truly irreparable loss, the diminution in the chances of man, when a language dies.

+...

⁸ The extinction of languages which we are now witnessing - dozens pass annually into irretrievable silence - is precisely parallel to the ravaging of fauna and flora, but with greater finality.

⁹ *I have conjectured, without being able to offer proof, that the generative justification for the 'crazy' number and fragmentation of tongues - more than four hundred in India alone - is analogous to the Darwinian model of adaptive niches.* + George Steiner, *My Unwritten Books* (pages 59-60)

¹⁰ "It is the seemingly wasteful plethora of languages which allows us to articulate alternatives to reality, to speak freedom within servitude to programme plenty within destitution.

¹¹ Así, (p. 81) lemos a afirmación que di "Toda lingua humana desafia a la realidade a su propia y singular manera. Hay tantas constelaciones de futuro, de esperanza, de proyección religiosa, metafísica y política, "soñando hacia delante", como formas verbales optativas y contrafactuales."

difícilmente atacable (creo!): os falantes (ou moitos falantes) destas linguas non queremos máis que o que teñen os falantes doutras linguas que **non** están ameazadas. Queremos a normalidade nin máis nin menos. Esta aspiración é moi difícil de combater, sobre todo cando deixamos claro que a normalidade a que aspiramos non é un mundo encerrado no monolingüismo, senón moi ao contrario: é unha normalidade estable, como unha balsa segura que nos permite actuar (por exemplo aprendendo e usando outras linguas) sen temor a caer nos na auga.

A min sinceramente indígnanme os intentos de deslexitimar o noso traballo. Indígname que en Cataluña se fabriquen asociacións para defender o monolingüismo español, secuestrando para iso palabras que nos definen! Quen hai máis tolerante que o catalán, que ao longo de cincuenta anos tivo que afacerse a convivir coa chegada de dous millóns de españois (incluíndo un bo número de galegos!) e, nos últimos dez anos, con máis dun millón de estranxeiros? Pero os nosos adversarios crearon a “asociación pola tolerancia”! E cando desde sempre traballamos nas escolas para que todos os alumnos aprendan, ben, tanto o catalán como o español, a que vén a creación dun grupo de “profesores polo bilingüismo”? E cando galegos e cataláns sabemos perfectamente que as ditaduras, a falta de liberdade, foron nefastas para as nosas culturas e autoestima, que non nos veñan con discursos que nos acusen do contrario.

Quizais, sen entrar nunha batalla dialéctica campal, si que convén explicar e explicitar que pretenden os que son críticos das nosas políticas lingüísticas, sen aspirar a chegar a convencer a todo o mundo porque, como dixen, son moitos os que teñen ben asimilados os obxectivos do proxecto español (ou francés, ou grego, ou norteamericano, ou...), ata sen se dar conta.

E antes de que isto se converta nun mitin, será mellor que pase ás miñas consideracións finais!

3. Consideracións finais

Fiquei coas ganas de falar, non xa do porque e do para que, senón do “como” da dinamización lingüística. Mais entendo que boa parte do resto deste Curso de Verán se dedicará a iso, sempre baixo o mesmo prisma: o de ir pensando na lexitimación dos nosos obxectivos e do camiño para os conseguir.

Resistín, ao falar do Estado español, a tentación de entrar en cuestións máis claramente políticas (aínda que acabo de achegarme moito a iso!). Coido que é importante traballar para evitar que o anhelo dun futuro de normalidade, de fin de ameaza, para o galego (ou calquera outro idioma) sexa percibido pola sociedade como un desexo transversal, non como o interese particular dun determinado partido ou movementos políticos.

Á vez, non sexamos ilusos: os nosos adversarios, os partidarios dun Estado con poboación monolingüe, sempre se esforzarán para asociar a promoción do galego (ou do bretón, ou do alemán en Alsacia) con posicións extremas, marcadas.

Acabo de dicir a palabra “marcado”. No contexto deste Curso de Verán é importante subliñar o que explicitou moi ben no seu libro *Banal Nationalism* o politólogo británico Michael Billig. O nacionalismo maioritario, do Estado,

invisibilízase, incorpórase profundamente ao discurso dominante, de forma que os máis nacionalistas non son conscientes de o ser. Iso si: para algunhas actuacións, as deliberadas, definíranse como “patriotas” (Billig centra parte do seu libro no caso dos Estados Unidos, onde estaba ben visto (anos antes dos espantosos feitos do once de setembro de dous mil un) ter colocada unha bandeira do país diante da casa ou no balcón.

Desde a propia imposibilidade de percibir o nacionalismo de un, non hai nada máis ameazador para un “patriota” español que os nosos intentos (os de cataláns, vascos ou galegos) de actuar para asegurarmos que a sociedade dos nosos fillos non perda os seus sinais de identidade.

E con isto remato: actuemos para asegurar que a sociedade dos nosos fillos sexa mellor, en todos os aspectos, que a que herdamos: e que os nosos fillos sexan orgullosos deste herdo.